

## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández, a Alberto Rodríguez López do 27/10/1962**

**Colección:**

**Data:** 27/10/1962

**De:**

Manuel Puente;

**Para:**

Lois Tobío Fernández; Alberto Rodríguez López;

**Orixe:**

Bartolomé Mitre, 1263 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Destino:**

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: MANUEL PUENTE].

**Mencionados:**

Xosé B. Abreira; Xesús Canabal; Castelao; Francisco Fernández del Riego; Salvador de Madariaga; Ramón Otero Pedrayo; Alberto Rodríguez López;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández, a Alberto Rodríguez López do 27/10/1962**

Manuel Puente  
Buenos Aires Octubre 27 de 1962

Señor Don  
Luis TOBIO  
Benito Lamas 2941  
MONTEVIDEO R. O. del U.

Meu querido Don Luis:

Con moito retardo recibín a súa moi estimada carta 8 corrente, o correo sobre todo eiquí anda moi trastornado con folgas etc, por eso preferin esperar para enviar esta por los familiares de Don Jesús CANABAL, que salen mañan.

Pola súa apercibome que non alcanzaron os fondos da conta Bancaria que habia fixado para ese obxeto, debe haber algún error, acreditando fondos a outras contas miñas en vez de a esa; por este mesmo medio estoulle escribindo a o xerente autorizando pagar o saldo deudor con fondos de outras contas miñas según copia que le adxunto para o seu debido coñecemento.-

Non me he facil narrar a emoción que me produxo os dous tomos da Historia de Galicia que me enviou por Abraira , cando os foliaba parecíame ver as mans de Castelao facendo o mesmo, e o cerrar os libros dixen pra mín "Xa podo MORRER", o meu compromiso coa Patria quedará cumprido.-

Pasei moitas angustias –o ver que os anos transcurrían sin que comenzara a imprentarse a Historia, chegando a temer que a vida non me alcanzara a vela, hasta que supen que vostede aceptaba encargarse de dirixir a impresión, dende entonces calmáronse as miñas dudas –e oxe podemos mostrar a o mundo esta maravilla, non somentes po lo seu contido si non tamén po la categoría da presentación que vostede lle deu; Por todo elo querido Don Luis reciba as miñas felicitacions xunto co meu eterno e patriótico agradecemento, coa seguranza que no correr da historia a nosa patria fará xusticia a este seu esforzo patriótico.-

O día once do corrente fixose eiquí unha cea, que os patriotas quixeron dedicarme con motivo da historia, púxose de manifesto toda a laboura súa, acordando enviarlle un telegrama co agradecemento dos presentes (que coido os organizadores lle haberán mandado), os reunidos eran 50 o 60 –a maioría derixentes do Centro Galego, cuya xunta habia antes tomado coñecemento da obra en sesión especial –enviáronme unha carta moi conceptuosa.-

Don Ramón escribeume moi emozoadado , dime que non e "O libro do ano, e de moitos anos".

Aquí llo enseñamos a Don Salvador de Madariaga –quedou maravillado.-

VENDA-DISTRIBUCION; estou preocupandome coa idea de organizala, despois de cambiar impresions aquí irei a esa para concretar ideas con vostede, pero antes de nada e con carácter URXENTE e necesario un folleto en forma de pliego o como vostede vexa; en Galego e Ingles o outros idiomas, esos folletos serían de propaganda para mandar as bibliotecas e universidades do Mundo; deixo esto nas suas mans, faga a cantidade que lle pareza e como vostede crea conveniente, sin que sexa necesario a miña aprobación de presoposto etc.

Propóñome escribirle a Del Riego e Don Ramon en esos días.

Cando teña oportunidade envieme todos os volumes que poida; na Arxentina a entrada é libre, haberá que ir pensando en despachar algúns queixos na forma máis conveniente pois creo que polo menos se necesitaran cen xogos.

Nada máis por oxe, reciba Don Luis un forte abrazo do seu agradecido amigo e

S S S

Manuel Puente [sinatura autógrafa]

[Na primeira páxina, na esquina dereita e a lápiz hai unha pequena nota manuscrita de Lois Tobio]: Cont. 8-XI

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.